

ACTA

Expediente núm.:	Órgano colexiado:
XGL/2019/33	A Xunta de Goberno Local

DATOS DE DESENVOLVEMENTO DA SESIÓN	
Tipo Convocatoria	Ordinaria
Data	27 de novembro de 2019
Duración	Desde as 13:40 ata as 14:30 horas
Lugar	SALA DE XUNTAS
Presidida por	Fátima Abal Roma
Secretario	MIGUEL RODRIGUEZ DE VICENTE-TUTOR

ASISTENTES: D. Constantino Cordal Rodríguez, D. Samuel Lago Ozón, D. Xurxo Charlín Trigo, D^a M^a Cruz Leiro Peña e D^a Carolina Aragunde Laya.

Unha vez verificada polo secretario a válida constitución do órgano, o presidente abre a sesión, polo que se procede á deliberación sobre os asuntos incluídos na orde do día

A) PARTE RESOLUTIVA

1.- Aprobación da acta da sesión celebrada o día 13/11/2019 (Expte. XGL/2019/31)

Dáse conta da acta da sesión celebrada o día 13.11.2019.
A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda prestalle a súa aprobación.

2.- Expte. 4320/2019.- Concesión subvencións a entidades sen fins de lucro 2019 - Área cultura

Dáse conta da proposta do Concelleiro Delegado de Cultura de data 25/11/2019, na que se recolle o seguinte:

“Visto que por Acordo da Xunta de Goberno Local de data 18/09/2019 aprobouse a convocatoria e bases para a concesión de subvencións municipais a entidades sen fins de lucro para o ano 2019, por procedemento de concorrencia competitiva.

Visto que o extracto da convocatoria foi obxecto de publicación no Boletín Oficial da Provincia nº 189 de data 2 de outubro de 2019.

Visto o Informe-Proposta emitido polo departamento de Cultura con data 12/11/2019 e subido ao expediente electrónico con data 25/11/2019, sobre avaliación das solicitudes de concesión das subvencións, verificación de que os beneficiarios propostos cumpren todos os requisitos necesarios para acceder ás mesmas e proposta de concesión das subvencións con determinación expresa da relación de solicitantes aos que se concede a subvención e a súa contía, non habendo ningunha desestimación.

Visto o Informe de conformidade emitido por Intervención, de data 25/11/2019.

Visto canto antecede, de acordo co Decreto de delegación de competencias nº 2019-0760 de data 08/07/2019, proponse á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte ACORDO

PRIMEIRO.- Conceder as subvencións correspondentes á “Convocatoria de subvencións municipais a entidades sen fins de lucro para o ano 2019” correspondentes á área de cultura, ás solicitudes que figuran a continuación (34), non habendo ningunha denegada, de acordo co seguinte detalle:

Aplicación orzamentaria: 3260.48900 Transferencias para actividades complementarias de educación. Total beneficiarios: 10. Total importe : 5.100,00 €

ANPA "ARCO DE FEFIÑANS"	550 €
ANPA "SANTA MARIÑA DOZO"	550 €
ANPA "O ESTANQUE" CORVILLON	550 €
ANPA "CON DE SETE PIAS"	550 €
ANPA SALESIANOS "A MERCED"	350 €
ANPA "A PASTORA"	350 €
ANPA "OS OLMOS" (SAN TOME)	550 €
ANPA "O CASTRO" CASTRELO	550 €
TEATRO CARACOL	550 €
TEATRO NO GARAXE	550 €

Aplicación orzamentaria: 3380.48900 Transferencias para Festas populares. Total beneficiarios: 8. Total importe : 3.000 €

ASOC. CULTURAL FESTAS PATRONAIS VILARIÑO	420 €
ASOC. AMIGOS DE CASTRELO	420 €
ASOC. FESTAS A PASTORA	420 €
ASOC. FESTAS PATRONAIS DE CORVILLON	420 €
ASOC. COMISIÓN DE FESTAS STA. CRUZ DE CASTRELO	420 €
ASOC. CULT. FESTAS DE SAN ROQUE E OS DOLORES DE CORVILLÓN	300 €
ASOC. CULT. "PRADO DE SINEIRO" VILARIÑO	300 €
ASOC. VIRXE DE LOURDES CORVILLON	300 €

Aplicación orzamentaria: 3340.48900 Transferencias a entidades culturais. Total beneficiarios: 7. Total importe : 6.200 €

ASOC. CULT. E MUSICAL "MANUEL PADIN SOTELO"	700 €
ASOC. CULT. "BANDA DE MUSICA DE CASTRELO"	900 €
ASOC. CULTURAL "CON DE XIDO"	1.392,50 €
ASOC. OBRADOIRO VOLANDEIRA	935 €

ASOC. CULTURAL CORVILLÓN - XIRONSA	1.392,50 €
ASOC. CULTURAL AMIGOS DE FEFIÑANS	380 €
ASOC. CEN FOLLAS	500 €

Aplicación orzamentaria: 3370.48900 Transferencias ocio e tempo libre. Total beneficiarios: 9. Total importe : 6.700,00 €

ASOC. MULLERES RURAIS "A SECA"	640 €
ASOC. MULLERES RURAIS "AS SAÍÑAS" DE CASTRELO	800 €
ASOC. ALBARIÑO AMAS DE CASA	800 €
ASOC. CULTURAL "O BATUQUEIRO"	1.000 €
ASOC. XUVENTUDE VILARIÑO	400 €
ASOC. VECIÑOS "SAN VICENTE DE OUBIÑA"	1.100 €
ASOC. CULTURAL EMBARCACIÓNS TRADICIONAIS "A TORRE"	1.134,66 €
ASOC. CORAL POLIFÓNICA SANTA MARIÑA	475,34 €
ASOC. A.D.M.A. (M ^a AUXILIADORA)	350 €

SEGUNDO.- Ampliar o prazo de xustificación das subvencións concedidas, fixado na cláusula 8 da convocatoria, ata o día 13 de decembro (inclusive).

As entidades beneficiarias deberán presentar a xustificación da subvención concedida segundo o contido e forma disposto nas bases da convocatoria, entendéndose en caso contrario que desiste da súa petición.

TERCEIRO.- Notificar o presente acordo aos solicitantes así como proceder á súa publicación no taboleiro de anuncios municipal.

CUARTO.- Dar traslado do presente Acordo á Intervención para anotación contable e efectividade do acordado."

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, e consonte coa referida proposta, acorda:

PRIMEIRO.- Conceder as subvencións correspondentes á "Convocatoria de subvencións municipais a entidades sen fins de lucro para o ano 2019" correspondentes á área de cultura, ás solicitudes que figuran a continuación (34), non habendo ningunha denegada, de acordo co seguinte detalle:

Aplicación orzamentaria: 3260.48900 Transferencias para actividades complementarias de educación. Total beneficiarios: 10. Total importe : 5.100,00 €

ANPA "ARCO DE FEFIÑANS"	550 €
ANPA "SANTA MARIÑA DOZO"	550 €
ANPA "O ESTANQUE" CORVILLON	550 €
ANPA "CON DE SETE PIAS"	550 €
ANPA SALESIANOS "A MERCED"	350 €
ANPA "A PASTORA"	350 €
ANPA "OS OLMOS" (SAN TOME)	550 €
ANPA "O CASTRO" CASTRELO	550 €
TEATRO CARACOL	550 €
TEATRO NO GARAXE	550 €

Aplicación orzamentaria: 3380.48900 Transferencias para Festas populares. Total

beneficiarios: 8. Total importe : 3.000 €

ASOC. CULTURAL FESTAS PATRONAIS VILARIÑO	420 €
ASOC. AMIGOS DE CASTRELO	420 €
ASOC. FESTAS A PASTORA	420 €
ASOC. FESTAS PATRONAIS DE CORVILLON	420 €
ASOC. COMISIÓN DE FESTAS STA. CRUZ DE CASTRELO	420 €
ASOC. CULT. FESTAS DE SAN ROQUE E OS DOLORES DE CORVILLÓN	300 €
ASOC. CULT. "PRADO DE SINEIRO" VILARIÑO	300 €
ASOC. VIRXE DE LOURDES CORVILLON	300 €

Aplicación orzamentaria: 3340.48900 Transferencias a entidades culturais. Total beneficiarios: 7. Total importe : 6.200 €

ASOC. CULT. E MUSICAL "MANUEL PADIN SOTELO"	700 €
ASOC. CULT."BANDA DE MUSICA DE CASTRELO"	900 €
ASOC. CULTURAL "CON DE XIDO"	1.392,50 €
ASOC. OBRADOIRO VOLANDEIRA	935 €
ASOC. CULTURAL CORVILLÓN - XIRONSA	1.392,50 €
ASOC. CULTURAL AMIGOS DE FEFIÑANS	380 €
ASOC. CEN FOLLAS	500 €

Aplicación orzamentaria: 3370.48900 Transferencias ocio e tempo libre. Total beneficiarios: 9. Total importe : 6.700,00 €

ASOC. MULLERES RURAIS "A SECA"	640 €
ASOC. MULLERES RURAIS "AS SAIÑAS" DE CASTRELO	800 €
ASOC. ALBARIÑO AMAS DE CASA	800 €
ASOC. CULTURAL "O BATUQUEIRO"	1.000 €
ASOC. XUVENTUDE VILARIÑO	400 €
ASOC. VECIÑOS "SAN VICENTE DE OUBIÑA"	1.100 €
ASOC. CULTURAL EMBARCACIÓNS TRADICIONAIS "A TORRE"	1.134,66 €
ASOC. CORAL POLIFÓNICA SANTA MARIÑA	475,34 €
ASOC. A.D.M.A. (M ^a AUXILIADORA)	350 €

SEGUNDO.- Ampliar o prazo de xustificación das subvencións concedidas, fixado na cláusula 8 da convocatoria, ata o día 13 de decembro (inclusive).

As entidades beneficiarias deberán presentar a xustificación da subvención concedida segundo o contido e forma disposto nas bases da convocatoria, entendéndose en caso contrario que desiste da súa petición.

TERCEIRO.- Notificar o presente acordo aos solicitantes así como proceder á súa publicación no taboleiro de anuncios municipal.

CUARTO.- Dar traslado do presente Acordo á Intervención para anotación contable e efectividade do acordado.

3.- Expte. 4320/2019.- Concesión subvencións a entidades sen fins de lucro 2019 - Área deportes

Dáse conta da proposta da Concelleira Delegada de Deportes de data 22/11/2019, na que se recolle o seguinte:

“Visto que por Acordo da Xunta de Goberno Local de data 18/09/2019 aprobouse a convocatoria e bases para a concesión de subvencións municipais a entidades sen fins de lucro para o ano 2019, por procedemento de concorrencia competitiva.

Visto que o extracto da convocatoria foi obxecto de publicación no Boletín Oficial da Provincia nº 189 de data 2 de outubro de 2019.

Visto o Informe-Proposta emitido polo departamento de Deportes con data 14/11/2019, sobre avaliación das solicitudes de concesión das subvencións, verificación de que os beneficiarios propostos cumpren todos os requisitos necesarios para acceder ás mesmas e proposta de concesión das subvencións con determinación expresa da relación de solicitantes aos que se concede a subvención e a súa contía, non habendo ningunha desestimación.

Visto o Informe de conformidade emitido por Intervención, de data 22/11/2019.

Visto canto antecede, de acordo co Decreto de delegación de competencias nº 2019-0760 de data 08/07/2019, proponse á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte ACORDO

PRIMEIRO.- Conceder as subvencións correspondentes á “Convocatoria de subvencións municipais a entidades sen fins de lucro para o ano 2019 - Transferencias a entidades deportivas”, ás solicitudes que figuran a continuación (22), non habendo ningunha denegada, polo importe que se indica e con cargo á aplicación orzamentaria 2019.3410.48900:

ENTIDADE	IMPORTE
CLUB JUVENTUD DE CAMBADOS	16.450 €
CLUB XUVENTUDE BALONCESTO	14.450 €
CLUB CAMBADOS TENIS DE MESA	11.000 €
CLUB PIRAGÜISMO CAMBADOS	8.300 €
CLUB ATLETISMO CAMBADOS	7.100 €
CLUB VOLEIBOL XAV CAMBADOS	4.100 €
CLUB DE TENIS CAMBADOS	2.500 €
ASOCIACIÓN DEPORTIVA GRAND JETE	1.000 €
CLUBE MARIÑO SALNÉS	1.000 €
JUDO CLUB SENÍN	750 €
CLUB DE AJEDREZ ALBARIÑO	750 €
CLUB DE PESCA AS JORITAS	700 €
SOCIEDADE GALEGA DE CETRERÍA	700 €
BEIRAMAR CLUB DE FÚTBOL	700 €
ASOCIACIÓN DEPORTIVA CAZADORES RÍAS BAIXAS	400 €
ESCOLA DEPORTIVA A MERCED	300 €
CLUB ALBARIÑO VETERANOS	300 €
ASOCIACIÓN INNAE	300 €
CLUB FÚTBOL VETERÁN VILARIÑO	300 €
CLUB CASTRELO VETERANOS	300 €
ASOCIACIÓN CULTURAL VELA TRADICIONAL	300 €
ASOCIACIÓN XIMNASIA SANTOMÉ	300 €

SEGUNDO. Ampliar o prazo de xustificación das subvencións concedidas, fixado na cláusula 8 da convocatoria, ata o día 13 de decembro (inclusive).

As entidades beneficiarias deberán presentar a xustificación da subvención concedida segundo o contido e forma disposto nas bases da convocatoria, entendéndose en caso contrario que desiste da súa petición.

TERCEIRO.- Notificar o presente acordo aos solicitantes así como proceder á súa publicación no taboleiro de anuncios municipal.

CUARTO.- Dar traslado do presente Acordo á Intervención para anotación contable e efectividade do acordado.”

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, e consonte coa referida proposta, acorda:

PRIMEIRO.- Conceder as subvencións correspondentes á “Convocatoria de subvencións municipais a entidades sen fins de lucro para o ano 2019 - Transferencias a entidades deportivas”, ás solicitudes que figuran a continuación (22), non habendo ningunha denegada, polo importe que se indica e con cargo á aplicación orzamentaria 2019.3410.48900:

ENTIDADE	IMPORTE
CLUB JUVENTUD DE CAMBADOS	16.450 €
CLUB XUVENTUDE BALONCESTO	14.450 €
CLUB CAMBADOS TENIS DE MESA	11.000 €
CLUB PIRAGÜISMO CAMBADOS	8.300 €
CLUB ATLETISMO CAMBADOS	7.100 €
CLUB VOLEIBOL XAV CAMBADOS	4.100 €
CLUB DE TENIS CAMBADOS	2.500 €
ASOCIACIÓN DEPORTIVA GRAND JETE	1.000 €
CLUBE MARINO SALNÉS	1.000 €
JUDO CLUB SENÍN	750 €
CLUB DE AJEDREZ ALBARIÑO	750 €
CLUB DE PESCA AS JORITAS	700 €
SOCIEDADE GALEGA DE CETRERÍA	700 €
BEIRAMAR CLUB DE FÚTBOL	700 €
ASOCIACIÓN DEPORTIVA CAZADORES RÍAS BAIXAS	400 €
ESCOLA DEPORTIVA A MERCED	300 €
CLUB ALBARIÑO VETERANOS	300 €
ASOCIACIÓN INNAE	300 €
CLUB FÚTBOL VETERÁN VILARIÑO	300 €
CLUB CASTRELO VETERANOS	300 €
ASOCIACIÓN CULTURAL VELA TRADICIONAL	300 €
ASOCIACIÓN XIMNASIA SANTOMÉ	300 €

SEGUNDO.- Ampliar o prazo de xustificación das subvencións concedidas, fixado na cláusula 8 da convocatoria, ata o día 13 de decembro (inclusive).

As entidades beneficiarias deberán presentar a xustificación da subvención concedida segundo o contido e forma disposto nas bases da convocatoria, entendéndose en caso contrario que desiste da súa petición.

TERCEIRO.- Notificar o presente acordo aos solicitantes así como proceder á súa publicación no taboleiro de anuncios municipal.

CUARTO.- Dar traslado do presente Acordo á Intervención para anotación contable e efectividade do acordado.

4.- Expediente 4320/2019.- Concesión subvencións a entidades sen fins de lucro 2019 - Área servizos sociais

Dáse conta da proposta da Concelleira Delegada de Servizos Sociais de data

22/11/2019, na que se recolle o seguinte:

“Visto que por Acordo da Xunta de Goberno Local de data 18/09/2019 aprobouse a convocatoria e bases para a concesión de subvencións municipais a entidades sen fins de lucro para o ano 2019, por procedemento de concorrencia competitiva.

Visto que o extracto da convocatoria foi obxecto de publicación no Boletín Oficial da Provincia nº 189 de data 2 de outubro de 2019.

Visto o Informe-Proposta emitido polo departamento de Servizos Sociais con data 12/11/2019, sobre avaliación das solicitudes de concesión das subvencións, verificación de que os beneficiarios propostos cumpren todos os requisitos necesarios para acceder ás mesmas e proposta de concesión das subvencións con determinación expresa da relación de solicitantes aos que se concede a subvención e a súa contía, así como daqueles cuxa solicitude se desestima.

Visto o Informe de conformidade emitido por Intervención, de data 22/11/2019.

Visto canto antecede, de acordo co Decreto de delegación de competencias nº 2019-0760 de data 08/07/2019, proponse á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte ACORDO

PRIMEIRO.- Conceder as subvencións correspondentes á “Convocatoria de subvencións municipais a entidades sen fins de lucro para o ano 2019 - Transferencias a entidades benéfico-asistenciais”, ás solicitudes que figuran a continuación, polo importe que se indica, con cargo á aplicación orzamentaria 2019.2310.48900:

ENTIDADE	IMPORTE
FUNDACION AMIGOS DE GALICIA	5.700 €
HERMANOS ANCIANOS DESAMPARADOS “NUESTRA SÑA. DE LA VALVANERA”	5.000 €
DOWN PONTEVEDRA XUNTOS- ASOC. SINDROME DE DOWN	1.000 €
ASOCIACION ESPAÑOLA CONTRA EL CANCER - PONTEVEDRA	2.700 €
LAR – PRO – SALUD MENTAL	2.600 €
ASOCIACION BANCO DE ALIMENTOS RIAS BAIXAS	2.000 €
CARITAS DIOCESANA DE SANTIAGO - PARROQUIAL DE CAMBADOS	1.900 €
ASOCIACION DE DISMINUIDOS PSIQUICOS “CON ELES”	1.600 €
ASOCIACION DE FAMILIARES DE ENFERMOS CON ALZHEIMER – AFASAL	1.500 €
ASOCIACION DE PARKINSON PROVINCIA DE PONTEVEDRA	1.000 €
AREVA- ASOCIAICION DE ALCOHOLICOS REHABILITADOS DE VILAGARCIA DE AROUSA	1.000 €
ASOCIACION TDAH SALNES	1.000 €

SEGUNDO.- Desestimar a solicitude de concesión de subvención formulada pola entidade que figura a continuación, polos motivos que así mesmo se indican, de acordo co Informe-Proposta emitido polo departamento de Servizos Sociais con data 12/11/2019:

A Asociación ESMAR- Maltrato cero, non se axusta as bases da convocatoria, polo que queda excluída do proceso.

Non se aporta certificación expedida pola secretaria xeral de inscrición no Rexistro municipal de asociacións ou acreditación de que se desenvolven as súas actividades dentro do termo municipal, aportando descrición o máis detallada posible da actividade/s a desenvolver, e dos gastos e ingresos previstos para a súa realización.

TERCEIRO.- Ampliar o prazo de xustificación das subvencións concedidas, fixado na cláusula 8 da convocatoria, ata o día 13 de decembro (inclusive).

As entidades beneficiarias deberán presentar a xustificación da subvención concedida segundo o contido e forma disposto nas bases da convocatoria, entendéndose en caso contrario que desiste da súa petición.

CUARTO.- Notificar o presente acordo aos solicitantes así como proceder á súa publicación no taboleiro de anuncios municipal.

QUINTO.- Dar traslado do presente Acordo á Intervención para anotación contable e

efectividade do acordado”

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, e consonte coa referida proposta, acorda:
PRIMEIRO.- Conceder as subvencións correspondentes á “Convocatoria de subvencións municipais a entidades sen fins de lucro para o ano 2019 - Transferencias a entidades benéfico-asistenciais”, ás solicitudes que figuran a continuación, polo importe que se indica, con cargo á aplicación orzamentaria 2019.2310.48900:

ENTIDADE	IMPORTE
FUNDACION AMIGOS DE GALICIA	5.700 €
HERMANOS ANCIANOS DESAMPARADOS “NUESTRA SÑA. DE LA VALVANERA”	5.000 €
DOWN PONTEVEDRA XUNTOS- ASOC. SINDROME DE DOWN	1.000 €
ASOCIACION ESPAÑOLA CONTRA EL CANCER - PONTEVEDRA	2.700 €
LAR – PRO – SALUD MENTAL	2.600 €
ASOCIACION BANCO DE ALIMENTOS RIAS BAIXAS	2.000 €
CARITAS DIOCESANA DE SANTIAGO - PARROQUIAL DE CAMBADOS	1.900 €
ASOCIACION DE DISMINUIDOS PSIQUICOS “CON ELES”	1.600 €
ASOCIACION DE FAMILIARES DE ENFERMOS CON ALZHEIMER – AFASAL	1.500 €
ASOCIACION DE PARKINSON PROVINCIA DE PONTEVEDRA	1.000 €
AREVA- ASOCIAIACION DE ALCOHOLICOS REHABILITADOS DE VILAGARCIA DE AROUSA	1.000 €
ASOCIACION TDAH SALNES	1.000 €

SEGUNDO.- Desestimar a solicitude de concesión de subvención formulada pola entidade que figura a continuación, polos motivos que así mesmo se indican, de acordo co Informe-Porposta emitido polo departamento de Servizos Sociais con data 12/11/2019:

A Asociación ESMAR- Maltrato cero, non se axusta as bases da convocatoria, polo que queda excluída do proceso.

Non se aporta certificación expedida pola secretaria xeral de inscrición no Rexistro municipal de asociacións ou acreditación de que se desenvolven as súas actividades dentro do termo municipal, aportando descrición o máis detallada posible da actividade/s a desenvolver, e dos gastos e ingresos previstos para a súa realización.

TERCEIRO.- Ampliar o prazo de xustificación das subvencións concedidas, fixado na cláusula 8 da convocatoria, ata o día 13 de decembro (inclusive).

As entidades beneficiarias deberán presentar a xustificación da subvención concedida segundo o contido e forma disposto nas bases da convocatoria, entendéndose en caso contrario que desiste da súa petición.

CUARTO.- Notificar o presente acordo aos solicitantes así como proceder á súa publicación no taboleiro de anuncios municipal.

QUINTO.- Dar traslado do presente Acordo á Intervención para anotación contable e efectividade do acordado.

5.- Expediente 4224/2019. Aprobacion xustificación subvención Fundación Manolo Paz 2019

Dáse conta da proposta do Concelleiro Delegado de Cultura de data 26/11/2019, na que se recolle o seguinte:

“Visto que por Acordo da Xunta de Goberno Local de data 23/10/2019 foille concedida

con cargo á aplicación orzamentaria 2019.3330.48901, á Fundación Manolo Paz Arte Contemporáneo unha subvención por importe de 5.000,00 € para a organización das “IV Xornadas da Fundación Manolo Paz”, destinadas á promoción cultural, así como do municipio de Cambados.

Vista a conta xustificativa da aplicación dos fondos concedidos á Fundación Manolo Paz Arte Contemporáneo, presentada en tempo e forma polo beneficiario.

Visto o informe da Interventora municipal de data 25/11/2019, no que se emite reparo suspensivo -n.º 107/2019- por omisión de trámites e requisitos esenciais e que foi levantado por Decreto da Alcaldía.

Considerando que, de acordo coa documentación xustificativa presentada, produciuse a efectiva realización da actividade e o cumprimento da finalidade que determinou a concesión da subvención.

Visto canto antecede, de acordo co Decreto de delegación de competencias nº 2019-0760 de data 08/07/2019, propónse á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte ACORDO

PRIMEIRO.- Aprobar a xustificación da subvención concedida á Fundación Manolo Paz Arte Contemporáneo para a organización das “IV Xornadas da Fundación Manolo Paz”, recoñecendo a obriga con cargo á aplicación orzamentaria 2019.3330.48901 e por importe de 5.000,00 €.

SEGUNDO.- Dar traslado do presente Acordo á Intervención para anotación contable e efectividade do acordado.

TERCEIRO.- Notificar o presente acordo aos interesados.”

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, e consonte coa referida proposta, acorda:

PRIMEIRO.- Aprobar a xustificación da subvención concedida á Fundación Manolo Paz Arte Contemporáneo para a organización das “IV Xornadas da Fundación Manolo Paz”, recoñecendo a obriga con cargo á aplicación orzamentaria 2019.3330.48901 e por importe de 5.000,00 €

SEGUNDO.- Dar traslado do presente Acordo á Intervención para anotación contable e efectividade do acordado.

TERCEIRO .- Notificar o presente acordo aos interesados.

6.- Expediente 518/2018.- Responsabilidade patrimonial (Interesada: N***** B**** C*****)

ANTECEDENTES DE FEITO:

PRIMEIRO.- Por parte de dona N***** B*** C***** , presentouse no Rexistro Xeral do Concello de Cambados, en data 10 de agosto do 2016, NRE 5.686, solicitude de

responsabilidade patrimonial na que se detalla o seguinte:

Reclamante: N***** B*** C*****.

Lesións presuntamente producidas: Lesións producidas como consecuencia da caída na rúa Vicente Risco, ao tropezar contra unha baldosa do chan, presentando ferida na queixada e dor no pulso da man dereita tras a caída, sen perda do coñecemento.

Relación de causalidade das lesións e o funcionamento do servizo público: Caída como consecuencia do mal estado da baldosa.

Avaliación económica da responsabilidade patrimonial: Pendente de determinar na medida en que a interesada ao día de presentación da solicitude non foi dada de alta.

Dando lugar ao inicio do expediente de responsabilidade patrimonial citado solicitando o recoñecemento do dereito a unha indemnización polos danos aos que se fixo mención como consecuencia do funcionamento dun servizo público.

SEGUNDO.- Por resolución da Alcaldía de data 29 de outubro do 2.018 nomeouse instrutor do procedemento ao arquitecto técnico municipal, don Pelayo Eyo Valladares.

TERCEIRO.- Recibidos os informes solicitados polo órgano instrutor, concedeuse audiencia á interesada, co resultado obrante ao expediente administrativo.

CUARTO.- En data 25 de outubro do 2.019, por parte do instrutor do procedemento ditouse proposta de resolución en virtude da cal se estimaba a reclamación de responsabilidade patrimonial presentada por dona N***** B*** C*****,, con data de entrada no Rexistro Xeral do Concello de Cambados, 10 de agosto do 2.016, NRE 5.686, recoñecendo, a favor da mesma, unha:

a)- INDEMNIZACIÓN POR PERJUICIO PERSOAL BÁSICO: Por importe de mil cinco centos trinta euros (1.530,00 €).

b)- INDEMNIZACIÓN POR LUCRO CESANTE: Por importe total de trescentos dez euros con oitenta e seis céntimos de euro (310,86 €).

Dita proposta foille notificada á interesada, segundo se desprende do contido do acuse de recibo obrante ao expediente administrativo.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS:

PRIMERO.- NORMATIVA DE APLICACIÓN:

. Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

. Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público.

SEGUNDO.- O artigo 32 da Lei 40/2015, de 1 de outubro, do Réxime Xurídico do Sector Público, aboga polo dereito dos particulares a ser indemnizados polas Administracións Públicas correspondentes, de toda lesión que sufran en calquera dos seus bens e dereitos, salvo nos casos de forza maior, sempre que a lesión sexa consecuencia do funcionamento normal ou anormal dos servizos públicos.

En todo caso, engade que o dano alegado haberá de ser efectivo, evaluable economicamente e individualizado con relación a unha persoa ou grupo de persoas.

Moitas foron as resolucións xudiciais que intentaron aclarar os requisitos e condicionantes vinculados á apreciación de tal responsabilidade; así, entre outras; a Sentencia do TS do 21 de abril de 1998 e a Sentencia da Audiencia Nacional do 18 de

maio do 2007, que se encargan de matizar que a responsabilidade patrimonial da Administración habería sido configurada no noso sistema legal e xurisprudencialmente como una responsabilidade de natureza obxectiva, de modo que calquera consecuencia danosa derivada do funcionamento dos servizos públicos debe ser en principio indemnizada, porque como di en múltiples resolucións o Tribunal Supremo "*de otro modo se produciría un sacrificio individual en favor de una actividad de interés público que debe ser soportada por la comunidad.*"

Non obstante, aclaran as referidas resolucións; non é acorde co referido principio de responsabilidade patrimonial obxectiva a súa xeneralización máis alá do principio de causalidade, aínda de forma mediata, indirecta ou concurrente, de maneira que, para que exista aquela, es imprescindible a existencia de nexos causal entre a actuación da Administración e o resultado lesivo ou danoso producido; engadindo que a socialización de riscos que xustifican a responsabilidade obxectiva da Administración cando actúa ao servizo dos intereses xenerais non permite estender dita responsabilidade hasta cubrir calquera evento; todo elo para acabar afirmando:

«(...) Lo que, en otras palabras, significa que la prestación por la Administración de un determinado servicio público y la titularidad por parte de aquélla de la infraestructura material para su prestación no implica que el vigente sistema de responsabilidad patrimonial objetiva de las Administración Públicas convierta a éstas en aseguradoras universales de todos los riesgos con el fin de prevenir cualquier eventualidad desfavorable o dañosa para los administrados que pueda producirse con independencia del actuar administrativo, porque de lo contrario se transformaría aquél en un sistema providencialista no contemplado en nuestro ordenamiento jurídico.»

Así, os requisitos aos que a xurisprudencia, de maneira unánime, vincula o recoñecemento da responsabilidade patrimonial da Administración son os seguintes:

A) Un feito imputable á Administración, bastando, polo tanto con acreditar que un dano antixurídico, produciuse no desenrolo de unha actividade de titularidade corresponde a un ente público.

B) Un dano antixurídico producido, en canto detrimento patrimonial inxustifico, ou o que é igual, que o que o sofre non teña o deber xurídico de soportalo. O perxuízo patrimonial ten que ser real, non baseado en meras esperanzas ou conxeturas, evaluable economicamente, efectivo e individualizado en relación con unha persoa o grupo de persoas.

C) Relación de causalidade directa e eficaz, entre o feito que se imputa á Administración e o dano producido, así o di a Lei 40/2015, no seu artigo 32, cando sinala que a lesión debe ser consecuencia do funcionamento normal ou anormal dos servizos públicos.

D) Ausencia de forza maior, como causa estrana á organización e distinta do caso fortuito, suposto este que sí impón a obriga de indemnizar. A forza maior entroncaría coa idea de o extraordinario, catastrófico ou desacostumado, mentres que o caso fortuito faría referencia a aqueles eventos internos, intrínsecos ao funcionamento dos servizos públicos, producidos pola mesma natureza, pola mesma consistencia dos seus elementos, polo seu mesmo desgaste con causa descoñecida, correspondendo en todo caso á Administración, tal e como reiteradamente sinala o Tribunal Supremo, entre outras e por sintetizar as demais, a de 6 de febreiro do 1996, probar a concorrencia de forza maior, en canto de esa forma pode exonerarse da súa responsabilidade patrimonial.

Con respecto á necesaria concorrencia do nexos de causalidade entre a actuación normal ou anormal da Administración e o dano causado na esfera privada do particular,

a xurisprudencia ven esixindo tradicionalmente que dito nexo causal fora directo, inmediato e exclusivo; o cal supoñía desestimar sistemáticamente todas as pretensións de indemnización cando na produción do dano interfería, de algunha maneira, a culpa da vítima ou de un terceiro.

Non obstante, fronte a esta liña tradicional da xurisprudencia, unha máis actual obvia a esixencia da exclusividade do nexo causal aos efectos de non excluír a existencia de responsabilidade patrimonial na Administración cando a mesma intervéñ na produción do dano aínda de maneira concorrente coa propia vítima ou un terceiro.

TERCEIRO.- O análise do suposto de feito que fundamenta a presente reclamación de responsabilidade, á luz da proba practicada no expediente lévanos a fixar como feitos probados os seguintes:

- A) Dona N***** B*** C*****, sufriu as lesións as que se refire o parte de lesións emitido pola doutora Sandra Ayude Diaz como consecuencia da citada caída.
- B) O dano citado habería de calificarse como antixurídico, en tanto detrimento patrimonial inxustificado sufrido por dona N***** B*** C*****,, sen ter o deber xurídico de soportalo, real, evaluable economicamente, efectivo e individualizado en relación con unha persoa ou grupo de persoas.
- C) Queda acreditada a necesaria relación de causalidade entre o feito que se imputa á Administración e o dano producido.
- D) Non interfere na relación causa-efecto, actuación administrativa-dano inferido al particular, causa algunha de forza maior, como causa extrana á organización e distinta do caso fortuito.

CUARTO.- Con respecto ao específico tema de determinar a indemnización procedente por danos y perxucios derivados do accidente padecido por dona N***** B*** C*****,, en relación ao período no que a accidentada estivo en situación de incapacidade temporal, cando pola solicitante da responsabilidade patrimonial se insta súa fixación analóxica de acordo co baremo establecidos regramentariamente para os accidentes de circulación, e, en especial, o deslinde entre as cantidades correspondentes ao lucro cesante: perda de ingresos e de expectativas laborais.

Ao respecto o Tribunal Supremo na súa sentenza de data 17 de xullo do 2.007, Recurso de casación para a unificación da doutrina Número 4367/2005, razoa, no seu fundamento de dereito 11º: "(...), otro tanto ocurre con la indemnización por la IT, (Tabla V), extremo en el que la aplicación del Anexo no puede dejar de tener en cuenta el subsidio ya percibido, (por la razón antes referida, de evitar el enriquecimiento injusto atribuible a la sobreindemnización), lo que razonablemente nos lleva a cifrar el lucro cesante en la diferencia entre el salario real que se hubiera percibido de permanecer el trabajador en activo y la prestación abonada por IT, (cantidad superior a la que en Anexo señala tasadamente como "factor de corrección" por "perjuicios económicos", en función de los ingresos netos anuales de la víctima)".

Pois ben aplicada a doutrina xurisprudencial ao suposto que nos ocupa teño que facer as seguintes indicacións:

En canto ao lucro cesante pola situación de incapacidade temporal, (en diante I.T.), se refire, as circunstancias de feito poñen de manifesto que pola situación de I.T. dona N***** B*** C*****,, únicamente percibiu o subsidio, sen a tan usual prestación complementaria a cargo da empresa empregadora hasta o 100 por 100 do salario. Asi se desprende do contido do expediente administrativo, en particular: nóminas emitidas pola mercantil “*****”, correspondentes aos meses de marzo, abril, maio e xuño do ano 2.016. Polo tanto, é evidente que polo referido concepto a traballadora accidentada sufriu un perxucio económico, no seu salario, durante os 51 días de baixa, por importe de, salvo erro ou omisión, trescentos dez euros con oitenta e seis céntimos de euro, (310,86 €).

En conclusión, a indemnización procedente por danos e perxucios derivados de un accidente, correspondentes ao período no que o traballador accidentado estivo en situación de I. T. , cando se insta súa fixación analóxica de acordo co baremo establecido regramentariamente para os accidentes de circulación, debe fixarse como de seguido se pasa a indicar:

a)- INDEMNIZACIÓN POR PERXUCIO PERSOAL BÁSICO: Segundo o previsto no artigo 136 da Lei 35/2015, de 22 de setembro, de reforma do sistema para a valoración dos danos e perxucios causados ás persoas en accidentes de circulación, é o perxucio común que se padece dende a data do accidente ata o final do proceso curativo ou ata a estabilización da lesión e a súa conversión en secuela, e que se indemniza a razón de 30,00 € o día, segundo o previsto na táboa 3.A, do citado baremo.

b)- INDEMNIZACIÓN POR LUCRO CESANTE: A indemnización por lucro cesante, como mínimo e salvo proba acreditativa de un dano ou perxucio maior, en contía equivalente ao 100 por 100 do salario deixado de percibir en dito período polo accidentado e, no suposto de haberse percibido durante dito período cantidades en concepto de prestacións económicas de I.T., (as que compensan exclusivamente o lucro cesante), ou por outros complementos ou melloras, (as que igualmente, como regra, soamente compensan o lucro cesante), a indemnización ascenderá, como mínimo, ás diferencias entre o percibido por tales conceptos e o importe do 100 por 100 do salario deixado de percibir.

De acordo cos antecedentes de feito mencionados e de acordo co previsto nos artigos 91 e 92 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas; e, 32 a 35 da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Séctor Público, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade acorda:

PRIMEIRO.- Estimála reclamación de Responsabilidade Patrimonial presentada por dona N***** B*** C*****,, con data de entrada no Rexistro Xeral do Concello de Cambados, 9 de maio do 2.016, NRE 3.310, recoñecendo, a favor da mesma:

a)- INDEMNIZACIÓN POR PERXUCIO PERSOAL BÁSICO: Por importe de mil cinco centos trinta euros (1.530,00 €).

b)- INDEMNIZACIÓN POR LUCRO CESANTE: Por importe total de trescentos dez euros con oitenta e seis céntimos de euro (310,86 €).

Para a efectividade do presente acordo deberá autorizarse o gasto e disposición de fondos oportunos.

SEGUNDO.- Requirir a dona Natividad Búa Cacabelos a fin de que facilite o número de conta no que realizar o ingreso das cantidades recoñecidas, a cuxo efecto deberá presentar certificado de titularidade de conta emitido pola entidade financeira de que se trate.

TERCEIRO.- Dar traslado da presente resolución aos interesados aos efectos indicados.

7.- Expediente 5936/2019. Prestacións Económicas SS.SS.- F.E.S. (M.B.R.L.)

Dáse conta da proposta da Concelleira Delegada de Comercio, Promoción Económica, Servizos Sociais e Infancia, de data 22/11/2019, no que se recolle o seguinte: “Visto o expediente relativo a solicitude de concesión de Axuda de Emerxencia Social presentada por D^a M.B.R.L. con DNI: *****”, con data de entrada no rexistro 24/10/2019.

Visto o Informe favorable por parte da Traballadora Social de conformidade co previsto no artigo 10.3 e Anexo VI das Bases para a concesión de Axudas de Emerxencia Social dentro do programa básico de inserción social con data 19/11/2019.

Visto o Informe de fiscalización da Interventora municipal emitido con data 21/11/2019.

Vistas as Bases para a concesión de axudas de emerxencia, dentro do programa básico de inserción social, publicadas no BOP. Nº16 de 26 de xaneiro de 2016 e a Resolución da Alcaldía de 12.11.2019 pola que se delegan atribucións nesta Concellería, propoño ...”

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda:

PRIMEIRO.- Conceder unha axuda de emerxencia social a D^a M.B.R.L. con DNI: *****”, de acordo co seguinte detalle e con cargo á aplicación orzamentaria 2310/22105:

Concepto para o que se concede a axuda: PRESTACION DE EMERXENCIA SOCIAL PARA NECESIDADES BÁSICAS DE PAGO PERIODICO.

Contía total da axuda: 600€

Forma de pagamento: CHEQUE NOMINATIVO

Duración da axuda: 6 MESES, 100€/MES.

SEGUNDO.- (no caso de xustificación posterior ao pago).- O beneficiario da axuda deberá presentar a documentación xustificativa do gasto no prazo máximo dun mes dende a percepción da axuda, de acordo do disposto no artigo 13 das Bases para a concesión de axudas de emerxencia social dentro do programa básico de inserción social, sendo responsabilidade do Departamento de Servizos Sociais a comprobación do cumprimento da xustificación.

TERCEIRO.- Notificar a presente resolución ó/a interesado/a e ao Departamento de Servizos Sociais, indicando que, contra a presente Resolución que pon fin á vía administrativa, pode interpor alternativamente recurso de reposición potestativo ante a Alcaldía, no prazo dun mes a contar dende o día seguinte ao da recepción da presente notificación, de conformidade cos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas; ou ben interpor directamente recurso contencioso-administrativo, ante o Xulgado desta Provincia, no prazo de dous meses, a contar desde o día seguinte ao da recepción da presente notificación, de conformidade co artigo 46 da Lei 29/1998, de 13 de xullo, da Xurisdición Contencioso-Administrativa. Si optase por interpor o recurso de reposición potestativo non poderá interpor recurso contencioso-administrativo ata que aquel sexa

resolto expresamente ou se produciu a súa desestimación por silencio. Todo iso sen prexuízo de que poida interpor calquera outro recurso que puidese estimar máis conveniente ao seu dereito.

8.- Expediente 5947/2019. Prestacións Económicas SS.SS. - F.E.S. (S.A.A.)

Dáse conta da proposta da Concelleira Delegada de Comercio, Promoción Económica, Servizos Sociais e Infancia, de data 22/11/2019, no que se recolle o seguinte: “Visto o expediente relativo a solicitude de concesión de Axuda de Emerxencia Social presentada por D^a S.A.A. con DNI: *****, con data de entrada no rexistro 19/11/2019. Visto o Informe favorable por parte da Traballadora Social de conformidade co previsto no artigo 10.3 e Anexo VI das Bases para a concesión de Axudas de Emerxencia Social dentro do programa básico de inserción social con data 19/11/2019.

Visto o Informe de fiscalización da Interventora municipal emitido con data 21/11/2019.

Vistas as Bases para a concesión de axudas de emerxencia, dentro do programa básico de inserción social, publicadas no BOP. Nº16 de 26 de xaneiro de 2016 e a Resolución da Alcaldía de 12.11.2019 pola que se delegan atribucións nesta Concellería, propoño ...”

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda:

PRIMEIRO.- Conceder unha axuda de emerxencia social a D^a ***** con DNI: ***** , de acordo co seguinte detalle e con cargo á aplicación orzamentaria 2310/22105:

Concepto para o que se concede a axuda: PRESTACIÓN DE EMERXENCIA SOCIAL PARA NECESIDADES BÁSICAS

Contía total da axuda: 600€

Forma de pagamento: CHEQUE NOMINATIVO

Duración da axuda: 6 MESES, A RAZÓN DE 100€/MES.

SEGUNDO.- (no caso de xustificación posterior ao pago).- O beneficiario da axuda deberá presentar a documentación xustificativa do gasto no prazo máximo dun mes dende a percepción da axuda, de acordo do disposto no artigo 13 das Bases para a concesión de axudas de emerxencia social dentro do programa básico de inserción social, sendo responsabilidade do Departamento de Servizos Sociais a comprobación do cumprimento da xustificación.

TERCEIRO.- Notificar a presente resolución ó/á interesado/a e ao Departamento de Servizos Sociais, indicando que, contra a presente Resolución que pon fin á vía administrativa, pode interpor alternativamente recurso de reposición potestativo ante a Alcaldía, no prazo dun mes a contar dende o día seguinte ao da recepción da presente notificación, de conformidade cos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas; ou ben interpor directamente recurso contencioso-administrativo, ante o Xulgado desta Provincia, no prazo de dous meses, a contar desde o día seguinte ao da recepción da presente notificación, de conformidade co artigo 46 da Lei 29/1998, de 13 de xullo, da Xurisdición Contencioso-Administrativa. Si optase por interpor o recurso de reposición potestativo non poderá interpor recurso contencioso-administrativo ata que aquel sexa resolto expresamente ou se produciu a súa desestimación por silencio. Todo iso sen prexuízo de que poida interpor calquera outro recurso que puidese estimar máis

conveniente ao seu dereito.

9.- Expediente 5767/2019. Prestacións económicas SS.SS - F.E.S. (M.R.R.)

Dáse conta da proposta da Concelleira Delegada de Comercio, Promoción Económica, Servizos Sociais e Infancia, de data 22/11/2019, na que se recolle o seguinte: “Visto o expediente relativo a solicitude de concesión de Axuda de Emerxencia Social presentada por D^a M.R.R. con DNI: *****”, na data 08/11/2019.

Visto o Informe favorable por parte da Traballadora Social de conformidade co previsto no artigo 10.3 e Anexo VI das Bases para a concesión de Axudas de Emerxencia Social dentro do programa básico de inserción social con data 18/11/2019.

Visto o Informe de fiscalización da Interventora municipal emitido con data 21/11/2019.

Vistas as Bases para a concesión de axudas de emerxencia, dentro do programa básico de inserción social, publicadas no BOP. Nº16 de 26 de xaneiro de 2016 e a Resolución da Alcaldía de 12.11.2019 pola que se delegan atribucións nesta Concellería, propoño ...”

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda:

PRIMEIRO.- Conceder unha axuda de emerxencia social a D^a M.R.R. con DNI: *****”, de acordo co seguinte detalle e con cargo á aplicación orzamentaria 2310/22105:

Concepto para o que se concede a axuda:

- 1.- PRESTACIÓN DE EMERXENCIA SOCIAL PARA A COBERTURA DE NECESIDADES BÁSICAS DE ALIMENTO (durante 6 meses)
- 2.- PRESTACIÓN EMERXENCIA SOCIAL DE PAGO UNICO PARA CUBRIR DEBEDAS DE ALUGUER E GASTOS DA VIVENDA

Cuantía total da axuda: 600€ + 1001,23€/ **TOTAL: 1.601,23€**

Forma de pagamento: PAGO DELEGADO (propietaria do piso) e CHEQUE NOMINATIVO mensual para cubrir necesidades básicas.

Duración da axuda: PAGO ÚNICO en pago delegado (1.001,23€) e durante 6 MESES o cheque nominativo (100€/MES).

SEGUNDO.- (no caso de xustificación posterior ao pago).- O beneficiario da axuda deberá presentar a documentación xustificativa do gasto no prazo máximo dun mes dende a percepción da axuda, de acordo do disposto no artigo 13 das Bases para a concesión de axudas de emerxencia social dentro do programa básico de inserción social, sendo responsabilidade do Departamento de Servizos Sociais a comprobación do cumprimento da xustificación.

TERCEIRO.- Notificar a presente resolución ó/á interesado/a e ao Departamento de Servizos Sociais, indicando que, contra a presente Resolución que pon fin á vía administrativa, pode interpor alternativamente recurso de reposición potestativo ante a Alcaldía, no prazo dun mes a contar dende o día seguinte ao da recepción da presente notificación, de conformidade cos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas; ou ben interpor directamente recurso contencioso-administrativo, ante o Xulgado desta Provincia, no prazo de dous meses, a contar desde o día seguinte ao da recepción da presente notificación, de conformidade co artigo 46 da Lei 29/1998, de 13 de xullo, da Xurisdición Contencioso-Administrativa. Si optase por interpor o recurso de reposición

potestativo non poderá interpor recurso contencioso-administrativo ata que aquel sexa resolto expresamente ou se produciu a súa desestimación por silencio. Todo iso sen prexuízo de que poida interpor calquera outro recurso que puidese estimar máis conveniente ao seu dereito.

10.- Expediente 384/2019. Autorización proxecto de execución vivenda unifamiliar en Cacabelos - Vilariño (Promotora: C***** B***** Bruggmann)

1. PETICIONARIA: C***** B***** B*****

2. LUGAR DAS OBRAS: Cacabelos – Vilariño (6972830NH1067S0001MJ)

3. NÚMERO DE EXPEDIENTE: 384/2019

4. DATA DA SOLICITUDE: 30.01.2019

5. OBXECTO DA OBRA: Vivenda Unifamiliar

Consta proxecto básico do Arquitecto Julio L. de Miguel Castro

Emitiuse informe do Arquitecto Municipal de 15.04.2019, favorable.

Consta informe de Secretaría, favorable, de 09.07.2019.

Consta licenza municipal de obra maior a C***** B***** B***** para vivenda unifamiliar outorgada pola Xunta de Goberno Local de 10.07.2019.

Consta proxecto de execución redactado polo Arquitecto Julio L. de Miguel Castro visado o 03.07.2019.

Consta no expediente estudo xeotécnico visado o 30.09.2019

Emitiuse informe do Arquitecto Municipal de 05.11.2019, favorable, de conformidade do proxecto de execución coa licenza concedida.

Vistos os antecedentes anteriores, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros, acorda:

Autorizar o proxecto de execución redactado polo Arquitecto Julio L. de Miguel Castro visado o 03.07.2019 e o inicio das obras de referencia.

Outros datos do expediente:

a) Clasificación urbanística do solo: Ordenanza 6: Solo urbano de entidades rurais de poboación

b) Orzamento: 112.066 €

c) Ocupación: 222,18 m² < 50%

d) Edificabilidade: 256,82 m² < 0.60 m²/m²

e) Parcela 888,00 m² > 400m²

f) Altura: 3.16 m < 7.00 m

g) Uso: Vivenda Unifamiliar Aparcamento 1ª Categoría

h) Superficie de cesión: 55,45 m²

Condições:

Deberá cumprir as seguintes condicións, ademais das xerais que se especifican na correspondente notificación e nas condicións da propia solicitude.

1. Deberá realizar a Solicitude de conexión dos Servizos Municipais de Auga e Saneamento previamente á súa execución, realizándoos na forma que indiquen as compañías concesionarias.

2. As obras executaranse baixo a Dirección Técnica da obra do ARQUITECTO Julio De Miguel Castro

3. O Director de Execución de Obra será levada a cabo polo ARQUITECTO TÉCNICO D. Juan Carlos Viñayo García

4. A Coordinación de Seguridade e Saúde será levado a cabo polo ARQUITECTO / ARQUITECTO TÉCNICO D. Juan Carlos Viñayo García.

5. Deberá dispoñer a pé de obra o cartel indicador da Licenza Municipal e técnicos directores, prazo e construtor, usos, ordenanza, data de licenza, prazo de execución e nº de plantas de acordo co Art. 59 da Ordenanza Municipal de Obras.

6. A superficie cedida será pavimentada cunha base de macadam de 20 cm. e rego

semiprofundo e capa de 6 cm. de mestura bituminosa en quente.

7. Non se poderán iniciar as obras sen a presentación do correspondente proxecto de execución axustado ao proxecto básico autorizado.

8. Deberá procederse á conexión cos servizos existentes no núcleo, de acordo coas indicacións das empresas de servizos municipais, debendo estar en todo caso ás indicacións que ao respecto establezan os servizos técnicos municipais.

9. A promotora faise cargo das responsabilidades a que dese lugar, extremando as precaucións de seguridade co obxecto de evitar riscos ás persoas e as cosas.

10. O inicio queda supeditado á entrega da copia do Padrón do I.A.E. do contratista que execute a obra e a autorización de instalación de grúa, se é necesaria para as obras solicitadas.

11. Deberá dispoñer na obra da Licenza e o Proxecto Selado polo Concello a disposición dos funcionarios municipais, para o cal deberá entregar unha segunda copia idéntica á documentación que serviu para a concesión da licenza.

12. As obras executaranse estritamente ao autorizado, calquera modificación que se realice sobre as obras autorizadas deberán ser obxecto da correspondente autorización municipal, previa á execución das mesmas.

13. De conformidade co disposto no artigo 145 da Lei 2/2.016 de 10 de febreiro do solo de Galicia e o artigo 359 do Decreto 143/2016, de 22 de setembro, polo cal se aproba o Regulamento da Lei 2/2.016, de 10 de febreiro, do Solo de Galicia, os prazos de iniciación, interrupción máxima e finalización das obras se indican a continuación:

a. Iniciación, dentro dos 3 meses seguintes ao outorgamento da licenza

b. Interrupción máxima de 3 meses, debendo comunicar por escrito ao Concello a súa interrupción e advertindo que con carácter excepcional e por unha soa vez se outorgará prorroga cando se xustifique que a interrupción obedece a motivos de forza maior.

c. Finalización dentro do prazo de 24 meses seguintes ao outorgamento da licenza.

14. Ao obxecto de solicitar a prórroga da licenza de obras, esta deberá ser tramitada previa ou simultaneamente ante as administracións que outorgaron autorización.

15. Antes do inicio das obras deberá colocar un vallado de protección, para o que, no seu caso deberá obter a oportuna autorización municipal.

16. En todo caso a edificación non poderá ser ocupada ata que as obras estean terminadas completamente, debendo solicitar no seu momento ao Concello a preceptiva Licenza de Primeira Ocupación ou utilización, anexando o Certificado de Final de Obra, expedido polos directores da mesma, así como se procede, a Acta de Recepción que se outorgase expresamente, ou acreditación da recepción tácita da obra, co fin de que se proceda á comprobación por parte dos servizos técnicos municipais. A conexión aos servizos municipais previamente a súa execución, deberá ser autorizada polo organismo titular do vial ao que da fronte a parcela, executando ditas obras de acordo coas características que indicadas polas empresas responsables de ditos servizos.

17. No caso de ocupar vía pública, deberá solicitar a correspondente autorización do organismo titular do vial.

18. Deberase entregar conxuntamente coa documentación de final de obra para a obtención da Licenza de 1ª Ocupación o Certificado de Eficiencia enerxética de edificio terminado.

19. Deberán cumprirse na execución das obras as determinacións establecidas polo Decreto 174/2005, de 9 de xuño, polo que se regula a produción e xestión de residuos e o rexistro xeral de produtores e xestores de residuos de Galicia, e as establecidas no Decreto 105/2008, de 1 de febreiro, polo que se regula a produción e xestión dos residuos de construción e demolición.

20. Deberá formalizarse a correspondente declaración de alta/alteración no Catastro Inmobiliario no prazo de dous meses contados a partir do día seguinte á data de finalización das obras, segundo dispón o art. do R.D.L. 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei reguladora das facendas locais, e o título II do R.D.L. 1/2004, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Catastro Inmobiliario.

11.- Expediente 2096/2019. Licenzas Urbanísticas.- Acometida en Rúa Albariño, 5 (Promotor: Nedgia Galicia S.A.)

1. PETICIONARIO: Nedgia Galicia S.A.
2. OXECTO DAS OBRAS: Acometida de gas domiciliaria.
3. LUGAR DAS OBRAS: Rúa Albariño 5
4. NÚMERO DE EXPEDIENTE: 2096/2019
5. DATA DA SOLICITUDE: 10.05.2019

Consta proxecto redactado polo Enxeñeiro Ángel Casas Bachiller visado o 26.04.2019.

Consta informe favorable do Técnico Municipal de Patrimonio de 05.11.2019.

Consta ditame favorable da Comisión Municipal de Patrimonio en sesión de 19.09.2019.

Emitiuse informe do Arquitecto Municipal, favorable, do 08.11.2019.

Consta informe de Secretaría, favorable de 26.11.2019.

De acordo cos informes técnicos e xurídico a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros acorda:

Conceder licenza municipal de obra a Nedgia Galicia S.A. para acometida de gas domiciliaria na Rúa Albariño 5 de acordo co proxecto redactado polo Enxeñeiro Ángel Casas Bachiller visado o 26.04.2019

Outros datos do expediente:

- a) Clasificación urbanística do solo: Ordenanza Solo urbano Plans Especiais PE-1. Plan Especial de Protección do Casco Histórico de Cambados
- b) Referencia Catastral: 5368821NH1056N0001XA
- c) Orzamento: 690,00 €
- d) Uso: Residencial

Condições:

Deberá cumprir as seguintes condicións, ademais das xerais que se especifican na correspondente notificación e nas condicións da propia solicitude:

- a) As únicas obras autorizadas son as definidas a documentación aportada.
- b) Non se autoriza a modificar ningún elemento que se encontre protexido na edificación con protección integral.
- c) En relación á ocupación da vía pública, deberán ser autorizadas e solicitadas no concello previamente á súa ocupación, debendo solicitar o correspondente permiso.
- d) Deberanse cumprir as normas de seguridade e saúde nas obras, así como as condicións necesarias do centro de traballo.
- e) Non se autoriza a incrementar volume da edificación, nin a executar obras que poidan afectar a elementos estruturais.
- f) Non se autoriza a modificar, alterar, reformar ningún elemento estrutural, tanto principal como secundario, non definido no proxecto.
- g) Deberá dispoñer a pé de obra o cartel indicador da Licenza Municipal e técnicos directores, prazo e construtor, usos, ordenanza, data de licenza, prazo de execución e nº de plantas de acordo co Art. 59 da Ordenanza Municipal de Obras.
- h) Non se autoriza ningún movemento de terras, execución de zanzas ou arquetas na vía pública.
- i) As obras executaranse coa debida comunicación do seu comezo ás empresas subministradoras, de ser o caso.
- j) Antes do comezo deberá colocar un valado de protección, para o cal deberá obter, no seu caso, a oportuna autorización municipal e/ou provincial u autonómico si se realiza en solo público.
- k) No seu caso, deberase incluír no proxecto de execución o proxecto de andamiaxe proxectado, así como liquidar as taxas de ocupación de vía pública, en caso de ser necesaria a súa utilización.
- l) O inicio queda supeditado á entrega da copia do Padrón do I.A.E. do contratista que execute a

obra.

m) Calquera modificación que se realice sobre as actuacións autorizadas deberán ser obxecto da correspondente autorización municipal, previa á execución das mesmas.

n) De conformidade co disposto no artigo 145 da Lei 2/2.016 de 10 de febreiro do solo de Galicia e o artigo 17 do seu Regulamento de disciplina urbanística, os prazos de iniciación, interrupción máxima e finalización das obras se indican a continuación:

o) Iniciación, dentro dos 2 seguintes ao outorgamento da licenza

p) Interrupción máxima de 2 meses, debendo comunicar por escrito ao Concello a súa interrupción e advertindo que con carácter excepcional e por unha soa vez se outorgará prorroga cando se xustifique que a interrupción obedece a motivos de forza maior.

q) Finalización dentro do prazo de 3 meses seguintes ap outorgamento da licenza.

r) Ao obxecto de solicitar a prórroga da licenza de obras, esta deberá ser tramitada previa ou simultaneamente ante as administracións que outorgaron autorización.

s) Á finalización da obra, esta deberá ser comunicada ao Concello para a súa comprobación, anexando a documentación de final de obra.

t) Deberán cumprirse na execución das obras as determinacións establecidas polo Decreto 174/2005, de 9 de xuño, polo que se regula a produción e xestión de residuos e o rexistro xeral de produtores e xestores de residuos de Galicia e as establecidas no Decreto 105/2008, de 1 de febreiro, polo que se regula a produción de residuos de construción e demolición.

u) A actuación non poderá superar os 30 cm. de altura da IRC. No caso de que fora estritamente necesario superar esta altura deberá presentar xustificación técnica para ser valorada de novo pola Comisión.

12.- Expediente 5004/2019. Comunicación previa.- Muro de peche en Cruceiro, 50 - Vilariño (Promotor: J** C***** F*****)**

Rfª Catastral: 6174511NH1067N

Consta informe do Arquitecto Técnico Municipal, de data 14/11/2019, no que se declara completa a documentación presentada.

A Xunta de Goberno Local toma coñecemento da comunicación previa anterior.

13.- Expediente 3697/2019. Comunicación previa.- Canalización RBTS en Rúa A Mariña (Promotor: UFD Distribución Electricidad S.A.)

RBTS A MARIÑA (Nº SGD: 248618120288)

Consta informe do Arquitecto Técnico Municipal, de data 22/10/2019, no que se declara completa a documentación presentada.

A Xunta de Goberno Local toma coñecemento da comunicación previa anterior

14.- Expediente 1797/2019. Comunicación previa.- Canalización RBTS e arquetas no Polígono Industrial Sete Pias - vial 6 (Promotor: UFD Distribución Electricidad S.A.)

Rfª Catastral: 85857B9NH1088S0001UL.

Consta informe do Arquitecto Técnico Municipal, de data 30/08/2019, no que se declara completa a documentación presentada.

A Xunta de Goberno Local toma coñecemento da comunicación previa anterior

15.- Expediente 253/2019. Proposta de adxudicación do servizo de xestión e docencia do conservatorio elemental e escola de música de Cambados

Visto o expediente nº 253/2019 tramitado para a contratación de:

Tipo de contrato: Servizos
Obxecto do contrato: “Xestión e Docencia do Conservatorio Elemental e Escola de Música”
Procedemento de contratación: Aberto
Tramitación: Urxente
Código CPV: 80000000-4 “Servizos de ensinanza e formación”
Prezo estimado: 790.856,71€
Orzamento base de licitación: 790.856,71€
IVE: Prestación non suxeita artigo 20.1.9 Lei 37/1992, 28 de decembro do IVE
Duración: 40 meses

PROPOSTA DA ALCALDÍA

Vista a **Acta da Mesa de Contratación 2019-0005**, celebrada o día 22/10/2019, na que se formulou ao órgano de contratación a proposta de adxudicación do contrato de “Xestión e docencia do Conservatorio elemental e Escola de Música” seguinte:

“... Posteriormente procédese á apertura dos documentos contidos no sobre B) Proposición de Criterios Avaliables de forma automática, presentada pola única empresa concorrente “ARTAROUSA, S.L.”:

ARTAROUSA, S.L.	Ofertas	Puntos
A) Prezo ofertado	788.000,00 €(catro anualidades) (197.000,00 €ano lectivo)	1
B) Idoneidade equipo responsable	<p>Acreditáase a titulación do Director, esixida como requisito, non obstante non se acredita a experiencia no posto de acordo coa forma requirida na Cláusula 14.2 do Prego.</p> <p><i>(A acreditación da experiencia xustificárase coa presentación de certificados expedidos ou visados polo órgano competente, cando o destinatario sexa unha entidade do sector público ou, cando o destinatario sexa un suxeito privado, mediante un certificado expedido por este completado cos correspondentes <u>contratos de traballo (*)</u> e <u>vidas laborais</u> ou por calquera medio válido en dereito considerado suficiente polo órgano de contratación).</i></p> <p>(*) Non se aportan contratos de traballo.</p>	0
C) Mellora 1	<p>1 Xilófono de concerto (1600 €)</p> <p>1 Vibráfono de concerto. (4000 €)</p> <p>1 Batería de niño (400 €)</p> <p>1 Clarinete en Sib (300 €)</p> <p>1 Oboe (1000 €)</p> <p>4 violíns de tamaños variados (800 €)</p> <p>Total 8.100,00 €</p> <p>Quedará incorporado ao patrimonio da Entidade Local (Cláusula 14.2 c)</p>	1
C) Mellora 2	<p>2 Congas (400 €)</p> <p>Diverso material de pequena percusión e pratos (400 €)</p> <p>1 piano de parede (3000 €)</p>	

	1 Fagote tamaño estándar (1800 €) 1 violonchelo ½ (400 €) 1 saxo tenor (1500 €) 6 Reproductores de audio para aulas. (600 €) Total 8.100,00 € Quedará incorporado ao patrimonio da Entidade Local (Cláusula 14.2 c)	1
TOTAL PUNTOS		3

3.- VALORACIÓN TOTAL

A suma dos criterios avaliábeis mediante un xuízo de valor e mediante criterios automáticos acada o resultado seguinte:

Licitador	Total puntuación criterios xuízo de Valor Sobre C)	Total puntuación criterios automáticos sobre B)	PUNTUACIÓN TOTAL
ARTAROUSA, S.L.	3	3	6

4.- PROPOSTA DE ADXUDICACIÓN

Á vista de todo o actuado a Mesa de Contratación, de conformidade co establecido na Cláusula 16 do Prego, formula proposta de adxudicación ao órgano de contratación a favor da oferta máis vantaxosa:

Licitador	Puntuación
ARTAROUSA, S.L.	6 Puntos

Visto que por Providencia da Alcaldía de data 24/10/2019 requiriuse á empresa “ARTAROUSA, S.L.” para que presentase a documentación establecida na Cláusula 17 do Prego.

Consta alegación presentada pola empresa “Artarousa S.L.” en relación á garantía a constituír (Rexistro de entrada 2019-E-RE-1290, de 28/10/2019).

Consta presentación de documentación por parte de “ARTAROUSA, S.L.” en datas de 05/11/2019 e 07/11/2019 (Documentación Administrativa) e a garantía definitiva en data de 07/11/2019.

Visto o informe de fiscalización emitido pola Intervención Municipal, de conformidade con observacións, de data 25.11.2019.

En uso das competencias atribuídas á Alcaldía pola Disposición Adicional Segunda da LCSP, delegadas na Xunta de Goberno Local en virtude de Resolución da Alcaldía do 08.07.2019 propónse a adopción do seguinte, **ACORDO:**

Primeiro.- Declarar válido o acto de licitación considerando que a documentación e a garantía definitiva presentada pola empresa Artarousa SL, única empresa licitadora, cumpren coas determinacións dos pregos de cláusulas administrativas particulares e de prescricións técnicas do contrato.

Segundo.- Adxudicar o contrato de subministro de “**XESTIÓN E DOCENCIA DO CONSERVATORIO ELEMENTAL E ESCOLA DE MÚSICA**”, á empresa “ARTAROUSA, S.L.”, con CIF B94067840, polo prezo e melloras descritas seguidamente:

ARTAROUSA, S.L.	PREZO DE ADXUDICACIÓN E MELLORAS
Prezo	788.000,00 € (catro anualidades) (197.000,00 € ano lectivo)
Mellora 1	1 Xilófono de concerto (1600 €)

	<p>1 Vibráfono de concerto. (4000 €) 1 Bateria de niño (400 €) 1 Clarinete en Sib (300 €) 1 Oboe (1000 €) 4 violíns de tamaños variados (800 €) Total 8.100,00 € Quedará incorporado ao patrimonio da Entidade Local (Cláusula 14.2 c)</p>
Mellora 2	<p>2 Congas (400 €) Diverso material de pequena percusión e pratos (400 €) 1 piano de parede (3000 €) 1 Fagote tamaño estándar (1800 €) 1 violonchelo ½ (400 €) 1 saxo tenor (1500 €) 6 Reproductores de audio para aulas. (600 €) Total 8.100,00 € Quedará incorporado ao patrimonio da Entidade Local (Cláusula 14.2 c)</p>

Terceiro.- Requirir á empresa Artarousa SL para a formalización do contrato que deberá efectuarse non máis tarde dos **quince días hábiles** seguintes a aquel en que se reciba a notificación da adxudicación aos licitadores na forma prevista no artigo 151 LCSP.

De conformidade co establecido no artigo 153.4 LCSP cando por causas imputables ao adxudicatario non se formalizou o contrato dentro do prazo indicado esixíraselle o importe do 3% do orzamento base de licitación, IVE excluído, en concepto de penalidade, que se fará efectivo en primeiro lugar contra a garantía definitiva, se se constituíu, sen prexuízo do establecido na letra b) do apartado 2 do artigo 71 LCSP.

Carto.- Ordenar a publicación da presente Resolución no Perfil de Contratante do Concello.

Quinto.- Dar conta da presente Resolución a Intervención, aos efectos de practicar as anotacións contables correspondentes á presente disposición.

RATIFICACIÓN DA URXENCIA.-

* **Expediente 4322/2019. Concesión axudas ao ensino e ao transporte 2019/2020.-**

* **Solic. de ampliación de horario de hostelería no nadal.-**

Pola Sra. Alcaldesa participaselle aos concelleiros membros que a urxencia da inclusión destes puntos ven dada pola necesidade de adoptar acordo en relación, por unha banda, coa concesión de axudas ao ensino e ao transporte 2019/2020, e a xustificación das mesmas por parte dos interesados dentro do presente exercicio e no prazo que se indica, e, con respecto á ampliación do horario de hostelería no nadal, por ser un rogo presentado polo Concelleiro delegado da área con esta mesma data, razón pola que interesa a ratificación.

Sometido a votación, os membros da Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acordan ratificar a urxencia dos puntos relacionados e na súa consecuencia proceden a tratar os asuntos indicados.

16.- Expediente 4322/2019.- Concesión axudas ao ensino e ao transporte 2019/2020

Dáse conta da proposta da Alcaldía, de data 26/11/2019, na que se recolle o seguinte:
*“Visto que por Acordo da Xunta de Goberno Local de data 25/09/2019 aprobouse a convocatoria e bases para a concesión de subvencións municipais “Axudas para o ensino e o transporte do Concello de Cambados 2019/2020”, por procedemento de concorrencia competitiva.
 Visto que o extracto da convocatoria foi obxecto de publicación no Boletín Oficial da Provincia nº 189 de data 2 de outubro de 2019.
 Visto o Informe-Proposta emitido polo departamento de Cultura con data 25/11/2019, sobre avaliación das solicitudes de concesión das subvencións, verificación de que os beneficiarios propostos cumpren todos os requisitos necesarios para acceder ás mesmas e proposta de concesión das subvencións con determinación expresa da relación de solicitantes aos que se concede a subvención e a súa contía, así como daqueles casos en que procede a desestimación e as súas causas.
 Visto o Informe de conformidade emitido por Intervención, de data 26/11/2019.
 Visto canto antecede, de acordo co Decreto de delegación de competencias nº 2019-0760 de data 08/07/2019, proponse ...”*

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, **ACORDA:**

PRIMEIRO.- Conceder as subvencións correspondentes ás “Axudas para o ensino e o transporte do Concello de Cambados 2019/2020”, ás solicitudes que figuran a continuación (105) e polo importe que se indica, con cargo á aplicación orzamentaria 2019.3200.48100, de acordo co seguinte detalle:

BENEFICIARIO/A	AXUDA ENSINO	AXUDA TRANSPORTE
76868349A *	123,00 €	
35630396S	123,00 €	100,00 €
35453805H *	123,00 €	
35602736R	121,00 €	
35633049T	121,00 €	
118460663	123,00 €	
35640319W	124,00 €	
35602054D	124,00 €	
35646917E	124,00 €	
35599418H	149,00 €	200,00 €
35602408H	122,00 €	
P477240	123,00 €	
78534238W	124,00 €	100,00 €
77419516K	148,00 €	200,00 €
35602609N	148,00 €	200,00 €
35642021W	148,00 €	200,00 €
35600753L	124,00 €	100,00 €
35632289E	123,00 €	
53116135G *	123,00 €	
35481796H	149,00 €	200,00 €
35632037T	124,00 €	
35632036E	124,00 €	100,00 €
35642594T	123,00 €	
35491563X	150,00 €	200,00 €
35640027D	124,00 €	
35640028X	124,00 €	
35632837H	124,00 €	
35632836V	124,00 €	
35643428Y	124,00 €	

35643429F	124,00 €	
35646945G	123,00 €	
35629516D	123,00 €	
35629515P	123,00 €	
35632662G	123,00 €	
35600543Q	149,00 €	200,00 €
118460662	123,00 €	
35629349A	124,00 €	
35601526X	124,00 €	
35642433T	124,00 €	
77970288N	123,00 €	
35602975X	124,00 €	
35600721X	149,00 €	200,00 €
35632724C	123,00 €	
35632297F	123,00 €	
35489676D	124,00 €	
35642068A	124,00 €	
35633780H	124,00 €	
35602633J	124,00 €	
35641725M	124,00 €	
35629643K	123,00 €	
35640620G	123,00 €	
35643993L	121,00 €	
35643994C	121,00 €	
35602124X	122,00 €	
35602125B	122,00 €	
35645295X	122,00 €	
35643048V	123,00 €	
35629338S	122,00 €	
35646444D	148,00 €	200,00 €
35488813C	121,00 €	
35598423N	121,00 €	
35627600W	124,00 €	
35645487H	124,00 €	
35646260D	123,00 €	
35642976Z	123,00 €	
35642977S	123,00 €	
35646514X	123,00 €	
35599911M	123,00 €	
35642281D	123,00 €	
35633582G	124,00 €	
35489310B	148,00 €	200,00 €
35601876S	123,00 €	
35631528C	124,00 €	
35601890Y	124,00 €	
35629364H	123,00 €	
35634073N	123,00 €	
35644099X	122,00 €	
77548223C	123,00 €	
35640250W	125,00 €	
35631302R	124,00 €	
35486272D	123,00 €	100,00 €
35641586G	125,00 €	
35598872R	125,00 €	100,00 €

35598814N	123,00 €	
35640300Y	123,00 €	
35632607H	122,00 €	
35490554J	121,00 €	
35598284B	123,00 €	200,00 €
35631352M	124,00 €	
35631299K	125,00 €	
35641938B	125,00 €	
35669058Z	124,00 €	
X6105916Z	123,00 €	100,00 €
35643283E	124,00 €	
35629973Y	123,00 €	
35602700B	123,00 €	100,00 €
35602701N	123,00 €	100,00 €
35598190D	124,00 €	
35490691N	148,00 €	200,00 €
35627957Z	122,00 €	
77970064H	123,00 €	
35642611V	123,00 €	
Y05137098Q	124,00 €	
77465250P	124,00 €	
77546429C	124,00 €	
	13.219,00 €	3.300,00 €

SEGUNDO.- Desestimar as solicitudes de concesión de subvención que figuran a continuación -15 na súa totalidade e 2 para axuda transporte- polos motivos que así mesmo se indican, de acordo co Informe-Proposta emitido polo departamento de Cultura con data 25/11/2019:

BENEFICIARIO/A MOTIVO

77970129Z	FÓRA DE PRAZO
35641800B	FÓRA DE PRAZO
77970130S	FÓRA DE PRAZO
35633901R	FÓRA DE PRAZO
35631416T	FÓRA DE PRAZO
35644579F	DENEGADA POR SER MATRICULA DE ESCOLA DE MÚSICA E NON DE CONSERVATORIO
35643413Z	DENEGADA POR EXCESO DE INGRESOS
35643305K	DENEGADA POR SER MATRICULA DE ESCOLA DE MÚSICA E NON DE CONSERVATORIO
35645324Q	ESTA EN INFANTIL
35640949B	FÓRA DE PRAZO
35646871E	FÓRA DE PRAZO
35646870K	FÓRA DE PRAZO
35490605H	EXCEDE INGRESOS
35490640F	EXCEDE INGRESOS

35642262J FÓRA DE PRAZO

35488813C DENEGADA AXUDA TRANSPORTE, EXCEDE INGRESOS

35490554J DENEGADA AXUDA TRANSPORTE, EXCEDE INGRESOS

TERCEIRO.- Ampliar o prazo de xustificación das subvencións concedidas, fixado na cláusula 9 da convocatoria, ata o día 13 de decembro (inclusive).

Os/as beneficiarios/as deberán presentar a xustificación da subvención concedida segundo o contido e forma disposto nas bases da convocatoria, entendéndose en caso contrario que se desiste da súa petición.

CUARTO.- Publicar o presente Acordo de concesión das subvencións no taboleiro de anuncios do Concello de Cambados aloxado na sede electrónica municipal (<https://cambados.sedelectronica.gal>), aos efectos do disposto no artigo 26 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeneral de Subvencións e artigo 45.1.b) da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

QUINTO.- Dar traslado do presente Acordo á Intervención para anotación contable e efectividade do acordado.

17.- Ampliación de horario de hostelería no Nadal.-

Dáse conta do rogo presentado con data 27/11/2019 polo Concelleiro Delegado da área de economía e facenda na que se recolle o seguinte: “Tendo o Concello de Cambados recoñecida a declaración de municipio turístico e vista a demanda xeneralizada dos establecementos do noso concello, e tendo en conta os seguintes FEITOS

1. A solicitude corresponde ao Concello de Cambados da petición ante a Xunta de Galicia da Ampliación do horario de peche dos establecementos de hostalaría.

FUNDAMENTOS XURIDICOS

UNICO

1) O artigo 5 da Lei 10/2017 do 27 de Decembro de espectáculos públicos e actividades recreativas de Galicia, establece que corresponde os Concellos, entre outras competencias, autorizar as ampliacións ou reducións sobre o horario xeral, atendendo os criterios, os supostos e as circunstancias que, de ser o caso, figuren na orde de horarios prevista no artigo 17.

2) O artigo 17 da Lei 10/2017 do 27 de Decembro de espectáculos públicos e actividades recreativas de Galicia, Mediante orde da persoa titular da consellaría competente na materia, e logo do informe da Comisión de Espectáculos Públicos e Actividades Recreativas de Galicia, determinarase o horario xeral de apertura e peche dos establecementos abertos ao público e de inicio e finalización dos espectáculos públicos e das actividades recreativas. A orde que determine os horarios de apertura e peche dos establecementos abertos ao público e de inicio e finalización dos espectáculos públicos ou das actividades recreativas poderá establecer os criterios, os supostos e as circunstancias que permitan aos concellos autorizar, de xeito motivado, ampliacións ou reducións sobre o horario xeral.

Polo exposto, solicito que a Xunta de Goberno Local do Concello de Cambados en virtude do establecido na Lei 40/2015, de 1 de outubro, do Réxime Xurídico do Sector Público e a Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local e do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, pola presente, que tome o seguinte, ACORDO

Primeiro.- Autorizar favorablemente de conformidade co previsto no 5 da Lei 10/2017 do 27 de Decembro de espectáculos públicos e actividades recreativas de Galicia, pola que se

determinan os horarios de apertura e peche de espectáculos e establecementos públicos na Comunidade Autónoma de Galicia, a ampliación do horario de peche no Concello de Cambados dos establecementos relacionados na devandita Orde nunha hora as noites de Nadal, dende os días 21 de Decembro de 2019 ata o 7 de Xaneiro de 2020, ambos inclusive, ao ser o Concello de Cambados unha localidade turística e ser estas datas as de maior afluencia.

Segundo.- Aprobar a autoliquidación da taxa por ampliación de horario por importe de 32,36 €, da Consellería de Presidencia, AAPP e Xustiza da Xunta de Galicia, autorizando, dispoñendo e recoñecendo a obriga con cargo á aplicación orzamentaria 9200/22501, e dar traslado a Intervención e Tesourería.

Terceiro.- Remitir o presente acordo á Xefatura Territorial da Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza de Pontevedra.”

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda:

Primeiro.- Autorizar favorablemente de conformidade co previsto no 5 da Lei 10/2017 do 27 de Decembro de espectáculos públicos e actividades recreativas de Galicia, pola que se determinan os horarios de apertura e peche de espectáculos e establecementos públicos na Comunidade Autónoma de Galicia, a ampliación do horario de peche no Concello de Cambados dos establecementos relacionados na devandita Orde nunha hora as noites de Nadal, dende os días 21 de Decembro de 2019 ata o 7 de Xaneiro de 2020, ambos inclusive, ao ser o Concello de Cambados unha localidade turística e ser estas datas as de maior afluencia.

Segundo.- Aprobar a autoliquidación da taxa por ampliación de horario por importe de 32,36 €, da Consellería de Presidencia, AAPP e Xustiza da Xunta de Galicia, autorizando, dispoñendo e recoñecendo a obriga con cargo á aplicación orzamentaria 9200/22501, e dar traslado a Intervención e Tesourería.

Terceiro.- Remitir o presente acordo á Xefatura Territorial da Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza de Pontevedra.

B) ACTIVIDADE DE CONTROL

Non hai asuntos

C) ROLDA DE INTERVENCIÓNS LIBRES

Non hai asuntos

E non tendo máis asuntos que tratar, a Sra. Alcadesa da por rematada a sesión, na data e hora indicada no encabezamento, de todo o que eu como secretario, dou fe extendendo a presente acta, a reserva dos termos que resulten da súa aprobación, segundo o disposto no artigo 206 do R.O.F.

DOCUMENTO ASINADO ELECTRONICAMENTE